



CATÁLOGO DE PATRIMONIO
VOL.1
TOMO V



DOCUMENTO PARA APROBACION DEFINITIVA

XULLO 2009
CONCELLO DE LAXE



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
 TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

P . X . O . M .



CONCELLO DE LAXE
 PROVINCIA DE A CORUÑA

DIRECTOR DO EQUIPO:

ALFREDO GARROTE PAZOS

Col.: 1440

ARQUITECTOS COLABORADORES:

MONICA MESEJO CONDE

Col.: 1475

IRIA PÉREZ MIRANDA

Col.: 3194

ÍNDICE

TOMO I

A.- MEMORIA

- 1.- INTRODUCCIÓN
- 2.- PRIMEIRA FASE DE ESTUDIO. A MEMORIA INFORMATIVA
- 3.- MARCO LEGAL
- 4.- O PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO
- 5.- O PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO
- 6.- O CASCO ANTIGO DE LAXE

B.- NORMAS PARA A PROTECCIÓN DO PATRIMONIO

- 1.- DISPOSICIÓN DE CARÁCTER XERAL
- 2.- PROTECCIÓN DE ELEMENTOS DE CARÁCTER ARQUITECTÓNICO
- 3.- PROTECCIÓN DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

C.- LISTADO DE PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO

D.- LISTADO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICO

E.- PLANOS UBICACIÓN

TOMO II

F.- FICHAS DE ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS

- PARROQUIA SANTA MARÍA DE LAXE
- PARROQUIA DE SAN SIMÓN DE NANDE
- PARROQUIA DE SAN MAMEDE DE SARCES

TOMO III

F.- FICHAS DE ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS

- PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE SERANTES
- PARROQUIA DE SAN ESTEBAN DE SOESTO
- PARROQUIA DE SANTIAGODE TRABA

G.- FICHAS DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

A.- MEMORIA

1.- INTRODUCCIÓN

O Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Laxe parte de un concepto do territorio que contempla non só a súa dimensión física e xeográfica senon tamén a súa dimensión social, histórica, económica e medioambiental. De aí a necesidade de elaborar un catálogo que integrase todos aqueles elementos que conforman o patrimonio cultural do termo municipal có obxecto de aplicar as medidas necesarias para asegura-la súa protección e conservación.

Os restos materiais do pasado son considerados como elementos intrínsecos da paisaxe, en consecuencia, son tratados de forma específica e integrados no entramado de ordenación municipal como dinamizadores do propio territorio e non como elementos illados dentro dun espazo.

Entendemos por patrimonio todo o que é “noso”, sen porlle límite a súa natureza. Todos aqueles elementos que non se poden perder e que configuran a paisaxe de Laxe, é o resultado da intervención do home o longo de toda a súa andadura polo territorio que hoxe nos ocupa e que responde a unha concepción do espazo propia e característica das diferentes comunidades que o ocuparon ó longo do devenir histórico. Pero como afirma Pereira- Manaut: “Non quero dicir que esa paisaxe patrimonial sexa estática nin que deba selo. Queirámolo ou non, hai cambiar. Pero unha cousa é cambiar, dacordo coas novidades que de feito se producen na nosa sociedade, e outra é desaparecer”.¹

Ordenar o territorio presente conleva o recoñecemento e a afirmación do espazo pasado. Os restos materiais son considerados como elementos intrínsecos dunha paisaxe única e en consecuencia son tratados de forma específica. O pasado de Laxe pasa a ter a súa propia identidade dentro do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

¹ PEREIRA- MANAUT, G. “Aproximación crítica á conservación e restauración do patrimonio construído. Fundamentos clásicos”. Actas do Congreso Os profesionais da historia ante o patrimonio cultural: liñas metodolóxicas. 1996

2.- PRIMEIRA FASE DE ESTUDIO. A MEMORIA INFORMATIVA

Na fase de información recabouse a información que figura nos arquivos do Instituto de Conservación e restauración de bens Culturais segundo o listado proporcionado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Neste listado aparecen dous B.I.C.:

- Igrexa de Santiago de Traba có número de rexistro 000547
- Torres de Xallóns có número de rexistro 000413

Nos listados aparecen tamén os seguintes inmobles, por parroquias:

Laxe:

- Igrexa de Santa María da Atalaya
- Casa do Arco
- Casa da Andaluza
- Casa na Rúa do Río
- Casa na Rúa da Roda
- Casa na Rúa Calvo Sotelo
- Casa Reitoral de Santa María da Atalaia

Nande:

- Igrexa de San Simón
- Casa do Aplazadoiro
- Casa Reitoral de Santiago e San Simón

Sarces:

- Igrexa de San Mamede
- Casa Reitoral de San Mamede

Serantes:

- Igrexa de Santa María

Soesto:

- Pazo de Soesto

Outras fontes consultadas foron o inventario das NN.SS.PP., Casas Rectorais e o libro de Pazos de Galicia, así como unha publicación realizada por alumnos e profesores da Escola de Arquitectura de A Coruña, na que colabora a Deputación de A Coruña, denominada "Laxe e a súa arquitectura".

Dende o Concello proporcionouse o Catálogo do Medio Rural redactado por González- Cebrián e Colaboradores en Xullo de 2000 para o PXOM que non acadou a aprobación inicial.

No que se refire o patrimonio arqueolóxico, dacordo cos estudos da empresa ADÓBRICA ARQUEOLOXÍA que está integrada no equipo redactor do PXOM, fíxose unha primeira aproximación planimétrica, a escala 1/10.000, aos xacementos.

Os primeiros listados experimentaron modificacións (altas e baixas) tanto nos elementos de carácter arquitectónico como nos arqueolóxicos motivados pola posterior realización dunha labor de investigación documental e de campo.

- **PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO.**

Neste primeiro momento procedeu a listar e localizar nos planos o listado de patrimonio utilizando a sistemática da D.X.P.C., e dicir, por parroquias.

A lista que proposta inicialmente foi a seguinte².

PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE LAXE.

- L1 Igrexa de Santa María da Atalaia.
- L2 Ermida de Santa Rosa
- L3 Cruceiro 42.01.1 Adro
- L4 Cruceiro 42.01.2 Capela de Santa Rosa
- L5 Cruceiro 42.01.3 Rúa Canosa Nemiña
- L6 Cruceiro 42.01.4 Piñeiro
- L7 Casa reitoral de Santa María da Atalaia
- L8 Casa do Arco
- L9 Casa da Andaluza
- L10 Casa na Rúa do Río nº 7
- L11 Casa na Rúa da Roda nº 17
- L12 Casa na Rúa Calvo Sotelo nº 2
- L13 Casa na Rúa Panadeiras, nº 4.
- L14 Casa en Rosalía de Castro nº8
- L15 Muíño de vento

PARROQUIA DE SAN SIMÓN DE NANDE

- N1 Igrexa de San Simón
- N2 Capela de Aprazadoiro
- N3 Cruceiro 42.01.1 Aprazadoiro
- N4 Cruceiro 42.01.2 Aprazadoiro
- N5 Cruz en Aprazadoiro
- N6 Cruceiro 42.01.3 Cemiterio de Matío
- N7 Cruceiro 42.01.4 Matío
- N8 Cruceiro en Matío 1.

².- A numeración dos elementos arquitectónicos é a que aparece no plano da fase de Información.

- N9 Cruceiro en Matío 2
- N10 Cruceiro en Matío 3
- N11 Casa reitoral de Santiago e San Simón
- N12 Casa do Aprazadoiro
- N13 Hórreos de Aprazadoiro
- N14 Hórreos en Gundar
- N15 Hórreos en Rens
- N16 Hórreos na Viqueira
- N17 Hórreos xunto á parroquia de San.Simón. Estrada de Camariñas. Nande
- N18 Hórreos en Matío
- N19 Hórreos en Reboredo
- N20 Muíños en Aprazadoiro
- N21 Muíños en Reboredo
- N22 Muíño en Rens.
- N23 Fonte e lavadoiro de Matío
- N24 Conxunto de vivendas en Aprazadoiro

PARROQUIA DE SAN MAMEDE DE SARCES

- S1 Igrexa de San Mamede
- S2 Cruceiro 42.01.1 Coéns
- S3 Cruceiro 42.01.2 Coéns
- S4 Cruceiro 42.01.3 Penelas
- S5 Cruceiro 42.01.4. A Torre
- S6 Casa reitoral de San Mamede
- S7 Hórreos na Torre
- S8 Hórreos nas Virtudes
- S9 Hórreos en Coéns
- S10 Vivenda na Torre
- S11 Vivenda en Sarces
- S12 Vivenda en Sarces
- S13 Muíño nas Virtudes
- S14 Fonte xunto á parroquia de Sarces
- S15 Pombal das Torres de Xallóns.
- S16 Pombal nas Virtudes
- S17 Pombal nas virtudes

PARROQUIA DE SANTA MARÍA DE SERANTES

- Se1 Igrexa e cemiterio de Santa María de Serantes
- Se2 Cruceiro 42.04.1 Igrexario
Existe unha cruz en Conlle de escaso interese.
- Se3 Cruceiro 42.05.2 Transfontáns
- Se4 Casa de Carrabete (tamén chamada Pazo de Carrabete)
- Se5 Casa grande de Piñeiro e escudo
- Se6 Hórreos en Transfontáns
- Se7 Hórreos en carcaxido e Carrabete
- Se8 Hórreos en Conlle e Cabanas
- Se9 Hórreos en Canle e Piñeiro
- Se10 Hórreos en Lourido de Arriba e Lourido de Abaixo
- Se11 Muíños no Río dos Cabalos ou de Sanamedio
- Se12 Muíño en Lourido de Abaixo
- Se13 Fonte de Transfontáns

PARROQUIA DE SAN ESTEVO DE SOESTO

- So1 Igrexa de San Estevo de Soesto
- So2 Cruceiro 42.05.1 Castrelo
- So3 Cruceiro 42.05.3 Soesto de Abaixo
- So4 Cruceiro en Soesto de Arriba
- So5 Cruz de cerca de Castrelo (no esa42.05.1 segundo foto9
- So6 Pazo de Soesto
- So7 Conxunto de vivendas en Soesto
- So8 Conxunto arquitectónico en Casas Novas
- So9 Hórreos en Arrueiro e Casas Novas
- So10 Hórreos en Centeal e Arriba do Agro
- So11 Hórreos en Soesto de Abaixo
- So12 Muíños en Casas Novas
- So13 Muíños xunto a Soesto e Centeal
- So14 Cruceiro en Castrelo
- So15 Pombal nas Casas Novas
- So16 Pombal en Castrelo
- So17 Hórreos en Castrelo

PARROQUIA DE SANTIAGO DE TRABA

- Tr1 Igrexa e cemiterio de Santiago de Traba
- Tr2 Cruceiro 42.06.1 Campo da Festa
- Tr3 Cruceiro 42.06.2 Campo da Festa
- Tr4 Casa das Melgueiras.
- Tr5 Casa señorial das Melgueiras

Tr6	Casa de Mordomo
Tr7	Casa en Cernado
Tr8	Elemento escultórico nas Melgueiras
Tr9	Hórreos no Carballal
Tr10	Hórreos en Campodorreiro
Tr11	Hórreos en Cuiña e Tella
Tr12	Hórreos nas Melgueiras
Tr13	Hórreos en Cernado e Foxiños
Tr14	Hórreos en Boaña
Tr15	Hórreos en Mordomo
Tr16	Hórreos en Soacasas
Tr17	Muíños no Río de Traba
Tr18	Fonte e lavadoiro entre o Carballal e As Melgueiras
Tr19	Pombar nas Melgueiras

- **PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO.**

A empresa Adóbrica Arqueoloxía S.L., coma parte do equipo redactor do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Laxe foi encargada de realizar o estudio pormenorizado e individual (prospección intensiva/ selectiva) de cada un dos xacementos arqueolóxicos que figuran no Inventario da Xunta, co obxecto de definir os seus grados e delimitar as súas áreas de protección, de cara a inclusión no PXOM. Ao tempo que efectúa unha prospección extensiva de todo o termo municipal a fin de localizar novos xacementos de cara a súa inclusión no Catálogo de Patrimonio Arqueolóxico Protexido.

OBXECTIVOS E METODOLOXÍA:

O obxectivo fundamental do traballo consiste na elaboración dun catálogo e unha normativa adecuados á realidade urbanística e patrimonial do termo municipal. Así pois, é necesario establecer unha sucesión do patrimonio arqueolóxico partindo da análise de todas-las variables seleccionadas que interveñen no estudio dos xacementos (estado de conservación, entorno, clasificación do solo no que se ubican, adscripción cultural e tipolóxica,...). Posteriormente, estableceranse as distintas categorías, niveis e áreas de protección que definirán e caracterizarán os elementos culturais que en elas se integran e se procederá á redacción das diferentes ordenanzas que regularán o patrimonio arqueolóxico inventariado.

A elaboración destes traballos conleva á adopción dunha metodoloxía específica (prospección intensiva/selectiva) dirixida á obtención dos datos concretos necesarios para calificar e definir os xacementos, partindo dunha estratexia de traballo que responde, de forma prioritaria,

ás necesidades de protección do patrimonio arqueolóxico fronte as agresións que xenera calquera tipo de intervención na paisaxe.

Así, as variables máis importantes centranse sobre todo en cuestións referidas ao estado de conservación dos xacementos visibles e ós seus entornos máis inmediatos que poidan ser susceptibles de conter estruturas e/ou materiais arqueolóxicos e a clasificación do solo no que se ubican, desestimándose outros datos (dominios visuais, características ambientais e xeográficas, emplazamentos, edafoloxía, etc...) que, se ben ninguen dubida da súa utilidade noutros campos de investigación, non resultan válidos para o traballo concreto que nos ocupa.

A nivel xeral, os xacementos serán incluídos en diferentes categorías, atendendo ao seu grao de protección (Grao I, II, III) e á clasificación do solo no que se ubican (solo urbano, de núcleo rural, rústico e rústico de especial protección).

O grao de protección estableceráse tendo en conta o estado de conservación que presenten os xacementos.

Distinguiranse, xeralmente, dúas áreas ou niveis xenéricas de protección: unha integral e outra de cautela, que serán grafadas na cartografía de ordenación.

Con tódolos datos obtidos procederáse a elaborar o catálogo urbanístico de protección do patrimonio arqueolóxico, recolléndose tódolos datos patrimoniais e urbanísticos nas fichas individuais dos xacementos, ao mesmo tempo redactaranse as ordenanzas que rexirán os usos permitidos en cada unha das áreas delimitadas, definiranse intervencións arqueolóxicas a realizar así como a tramitación administrativa necesaria para a correcta xestión dos xacementos.

O traballo realizarase en tres fases:

Documentación previa.- Procederáse á revisión das anteriores normas, catalogacións precedentes e da bibliografía. Có obxecto de localizar novos xacementos, realizarase un estudio da cartografía, da fotografía aérea e dos amillamentos de rústica.

Traballo de campo.- Con tódolos datos obtidos do traballo de documentación previa e tendo como base de estudo a cartografía de ordenación procedeuse a comprobar “in situ” a ubicación e o estado de conservación de cada un dos xacementos. Ademais comprobaronse as referencias, os lugares nos que se localizan hachadegos, así coma os topónimos, que figuran no Inventario da Consellería de Cultura. Ao mesmo tempo procedeuse a prospectar de forma extensiva o resto do termo municipal e analizouse para cada xacemento localizado e inventariado, a súa realidade patrimonial e urbanística.

Traballo de gabinete.- Confección do catálogo e das fichas individuais de protección dos xacementos, redacción das ordenanzas e da memoria final do traballo.

No caso de que durante os traballos fose localizado algún xacemento novo procederase segundo o disposto na normativa patrimonial vixente. E será incorporado ao catálogo de P.P.A.

Durante a fase de Información, consultouse o inventario da D. X. de Patrimonio da Consellería de Cultura. Neste inventario figuran oito xacementos, dous topónimos e un achádego. Os oito xacementos son os seguintes:

GA/15040001 Castro de Lourido
GA/15040002 Dolmen de Fornella dos Mouros
GA/15040003 Mamoa de Aplazadoiro
GA/15040004 Mamoa o forno de Vales
GA/15040005 Mamoa da Cruz de Furca
GA/15040006 Petroglifo da Cova dos Batáns
GA/15040007 Mamoa 1 de Leixoso
GA/15040008 Mamoa 2 de Leixoso

Os dous topónimos teñen a seguinte senominación:

TOP/15040001 Castelo de Lourido/ Serantes/ Lourido

TOP/15040002 Monte do Castro/ Sarces/ Torre

A referencia é a seguinte:

REF/15040001 Castelo da Torre da Moa/ Traba/ Castelo de Traba

E o achádego correspóndese có código:

ACH/15040001 consistente nunha ara votiva

Posteriormente localizáronse os xacementos na planimetría a escala 1/10.000.

En data de 24 de novembro de 2004 o Director Xeral de Patrimonio Cultural autorizou a realización do traballo de campo coa seguinte resolución:

*Autoriza-la realización dunha **prospección arqueolóxica no concello de Laxe (A Coruña).***

Dirixida por D. Juan Francisco Romalde Purriños

Tempo de realización: 6 días

Clasificación da actividade: Preventiva

*Os materiais arqueolóxicos e demais documentación complementaria depositaranse, no prazo de seis meses, no **Museo Arqueolóxico e Histórico de A Coruña**.*

Deberanse comunica-las data de inicio e remate da actuación. Rematada a actuación, e nun prazo máximo de dez días, presentarase un informe valorativo da mesma. No prazo dun mes os datos dos xacementos arqueolóxicos nos modelos normativizados, e no prazo de seis meses a memoria técnica e copia da acta de depósito estendida polo responsable legal do Museo.

Unha vez realizada a actividade, e cumpridas as obrigas da responsabilidade da dirección de acordo co establecido no Decreto 199/97, esta Dirección Xeral, a solicitude do interesado, poderá emitir unha certificación da mesma.

Esta autorización concédese sen prexuízo doutras autorizacións ou licencias que sexan necesarias, se é o caso, por aplicación doutras lexislacións sectoriais.

Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada, no prazo dun mes, de conformidade co establecido na Lei 30/92 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/99.

3.- MARCO LEGAL

No marco do presente Plan Xeral inclúese o Catálogo de Elementos de Patrimonio Cultural Municipal que deben ser protexidos a traveso da normativa urbanística. A elaboración deste catálogo, non supón, unicamente, a mera inclusión no Plan dunha relación de elementos, resulta esencial entender o Catálogo como un instrumento efectivo de protección dunha serie de bens singulares que forman parte da herdanza colectiva da sociedade e que merece a pena conservar.

Así mesmo redáctanse as Ordenanzas de Protección do Patrimonio, instrumento normativo específico co que se pretén regular, ordenar, protexer e por tanto conservar o patrimonio cultural ubicado no termo municipal. Este cometido é outorgado pola Constitución española, no seu artigo 46, aos concellos, quenes como órganos rectores dun municipio teñen a obriga de garantir a conservación e promover o enriquecemento do patrimonio histórico, cultural e artístico dos pobos de España e dos bens que o integran, calquera que sexa o seu réximen xurídico e a súa titularidade, xa que dado o seu valor social e colectivo, posúen a consideración de bens de interese público.

Legislación aplicable

Será de aplicación toda a legislación sectorial vixente sobor da materia e en especial:

- a) A *“Ley 16/85 de 25 de junio del Patrimonio Histórico Español”*.
- b) A *“Lei 8/95 de 30 de outubro do Patrimonio Cultural de Galicia”*.
- c) O *“Decreto 571/1963 de 14 de marzo sobre la protección de los escudos, emblemas, piedras heráldicas, rollos de justicia, cruces de término y piezas similares de interes histórico- artístico”*.
- d) O *“Decreto 449/1973 de 22 de febrero por el que se colocan bajo la protección del estado los hórreos y cabazos antiguos existentes en Galicia y Asturias”*.
- e) O *“Decreto 199/1997 de 10 de xullo polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia”*.

4.- O PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

Os concellos como órganos rectores do seu municipio, ordean e programan o seu desenvolvemento territorial. Para tal fin redactan o Plan xeral de Ordenación Municipal (PXOM), un dos documentos deste PXOM é o catálogo, que constitúe o verdadeiro instrumento de protección do Patrimonio Arqueolóxico e Arqueolóxico. En estes catálogos inclúese o inventario de bens a protexer, a delimitación específica das súas áreas de protección, ademais de unha adecuada definición dos niveis de protección.

Có obxecto de confeccionar o catálogo do Patrimonio Arqueolóxico Protexido do Concello de Laxe, e incluílo no Plan Xeral, o equipo redactor solicitou a autorización para a realización dunha prospección arqueolóxica encamiñada á elaboración do devandito catálogo. Esta autorización foi outorgada en data 24 de novembro de 2004 e o resultado da mesma foi o seguinte:

En relación cós xacementos inventariados, catalogáronse os oito existentes e un de nova aparición.

Os existentes son os seguintes:

- GA/15040001 Castro de Lourido
- GA/15040002 Dolmen de Fornella dos Mouros
- GA/15040003 Mamoa de Aplazadoiro
- GA/15040004 Mamoa o forno de Vales
- GA/15040005 Mamoa da Cruz de Furca
- GA/15040006 Petroglifo da Cova dos Batáns
- GA/15040007 Mamoa 1 de Leixoso
- GA/15040008 Mamoa 2 de Leixoso

Cumpre destacar que as dúas mámoas de Leixoso atópanse no veciño Concello de Vimianzo.

O traballo de prospección motivou a catalogación dun novo xacemento ao que lle foi concedido o código GA/15040009 e a denominación de “Castrelo”. Está ubicado na parroquia de Soesto próximo ao núcleo rural de Castrelo.

Dos dous topónimos proporcionados do inventario de patrimonio tra-las prospeccións non se atopou ningún vestixio arqueolóxico

TOP/15040001 Castelo de Lourido/ Serantes/ Lourido

TOP/15040002 Monte do Castro/ Sarces/ Torre

E na ubicación das referencias tampoco atopouse nada, descoñécese a súa situación exacta polo que non cabe o seu descarte como resto medieval

REF/15040001 Castelo da Torre da Moa/ Traba/ Castelo de Traba

En relación ao achádego (ACH/15040001- Ara votiva), non se atopou ningunha sinal.

En definitiva o listado de xacementos arqueolóxicos do Concello de Laxe queda tal e como se indica a continuación:

GA/15040001 Castro de Lourido
GA/15040002 Dolmen de Fornella dos Mouros
GA/15040003 Mamoa de Aplazadoiro
GA/15040004 Mamoa o forno de Vales
GA/15040005 Mamoa da Cruz de Furca
GA/15040006 Petroglifo da Cova dos Batáns
GA/15040007 Mamoa 1 de Leixoso
GA/15040008 Mamoa 2 de Leixoso
GA/15040009 Castrelo

Delimitación das áreas de protección. A localización dos elementos que teñen que incluírse no CATÁLOGO foi materializada e precisada durante a fase de prospección realizada no mes de decembro de 2004.

A continuación, tendo en conta as características tipolóxicas, a ascripción cultural, o estado de conservación do xacemento e do seu entorno, e a localización de materiais arqueolóxicos, procedeuse á delimitación das áreas de protección.

A superficie ocupada polos xacementos arqueolóxicos, que se atopan en bó estado de conservación, é obxecto de protección integral o que implica a práctica ausencia total de usos constructivos nesta zona e unha importantísima limitación dos non constructivos. Nalgún caso a protección integral aplícase a unha zona na que se unifican varios elementos.

Os terreos afectados por esta protección integral quedan clasificados en tódolos casos como SOLO RÚSTICO DE ESPECIAL PROTECCIÓN ARQUEOLÓXICA. Neste área de protección integral tan só se poden realizar actuacións que impliquen a conservación e posta en valor do xacemento.

Delimítanse unha serie de áreas de respecto, onde os usos contemplados no PXOM atópanse cautelados.

Definición dos niveis de protección. En base ao carácter e circunstancias das áreas delimitadas para cada elemento o ámbito de protección, o seu estado de conservación, a súa calificación patrimonial, e a clasificación do solo en que se ubican, procédese á definición dos niveis de protección que figurarán nas ordenanzas de protección.

Fichas de protección. O catálogo conta cunha relación de fichas que brindan un tratamento individualizado a cada elemento, constitúen un elemento axil de consulta, nas que se contemplan os aspectos patrimoniais e urbanísticos que permitan entender a situación de cada elemento do catálogo. As fichas complementáanse coa documentación gráfica e cartográfica de planeamento.

As Ordenanzas de Protección do Patrimonio Arqueolóxico. Son o instrumento normativo específico có que se pretén regular, ordear, protexer e conservar o Patrimonio Arqueolóxico ubicado no Termo Municipal.

A modo de valoración pódese destacar que o obxectivo final do traballo arqueolóxico no ámbito do PXOM é o de adoptar un instrumento normativo adecuado no ámbito municipal para conservar e protexer o patrimonio arqueolóxico do Concello de Laxe.

5.- O PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO

Polo que respecta á confección do Catálogo de Patrimonio Arquitectónico Protexido, tal e como quedou reflectido no punto 2.- desta memoria, o traballo dividiuse fundamentalmente en dúas fases: fase de documentación, e traballo de campo.

Na primeira fase efectuouse unha análise das construcións xa localizadas e inventariadas. Para o que se procedeu a realizar un vaciado das principais fontes: Inventario das NNSSPP, a Publicación de Pazos de Galicia, de Casas Reitorais, os BIC, así como unha publicación realizada por alumnos e profesores da Escola de Arquitectura de A Coruña, na que colabora a Deputación de A Coruña, denominada “Laxe e a súa arquitectura”.

Dende o Concello proporcionouse o Catálogo do Medio Rural elaborado por González-Cebrián e Colaboradores en Xullo de 2000 para o PXOM que non acadou a aprobación inicial.

No traballo de campo realizouse unha labor de localización e fotografiado dos elementos, delimitando as áreas de protección, ao tempo que contrastábanse os datos obtidos da fase anterior. Así se poido apreciar certos erros referidos á localización xeográfica de algúns bens, escaso ou nulo interese artístico e/ou histórico de outros, e tamén decidiuse a incorporación de algun elemento non incluído nas fases anteriores.

Incorpórase ao catálogo o listado e descripcións proporcionado pola D. X. de Patrimonio eliminándose os bens denominados: “Torres de Xallóns”, “Casa na Rúa da Roda” e “Casa Reitoral de Santa María da Atalaia”, por non existir na actualidade.

A continuación indícanse as novas referencias do catálogo facéndose ademais unha sinopse dos elementos máis salientables.

Listado Patrimonio

Catálogo de patrimonio arquitectónico

Igrexa en Santiago de Traba

Tr01-Igrexa e cemiterio de Santiago de Traba

Igrexa parroquial de estilo románico que conserva deste estilo a nave e o ábside rectangular, os canzorros que sosteñen o aleiro do tellado da nave e o ábside, a porta lateral e, no interior, a bóveda de cañón do ábside, que repousa en arcavans apoiados en columnas adosadas de capiteis vexetais. Posteriormente adosaronse aos muros laterais da nave sendas capelas sobresaíntes na planta. A fachada é de traza renacentista, con elementos barrocos, coma son catro columnas salomónicas. A fachada é un verdadeiro retábulo de esculturas pétreas (Santiago ecuestre, Vires da Asunción e Deus Pai). Entre as columnas, Adan e Eva, San Pedro e San Francisco. No interior o retábulo maior de traza barroca moi decorado.

Torres de Xallóns

-

Non se conservan na actualidade ningún resto deste elemento. O escudo trasladouse á Vila de Laxe en concreto á casa de Isidro Parga Pondal.

Efectuáronse prospeccións arqueolóxicas, nas que non se atopou nada, para verificar a existencia ou non dalgún vestixio medieval.

Igrexa de Santa María da Atalaia**L01- Igrexa Parroquial de Santa María da Atalaia**

Igrexa de estilo gótico, de planta rectangular dunha nave con cabeceira destacada na planta e mailo alzado e torre adosada ao costado da mesma. A torre é do século XVI, de planta cadrada, fábrica de sillería de aparello regular. Zócolo moi alto rematado en imposta. Corpo de campás con facianas de un e dous vans, en arcavan peraltado, de medio punto con imposta. O acceso exterior é por unha escalinata alta con patín paxego.

Casa do Arco.**L10- Casa do Arco**

Edificio de estilo gótico tardío. Planta rectangular. Fábrica de sillería de granito de aparello irregular. Fachada á Praza con Arcavan apuntado sen impostas. Fiestras con tornachoivas. Na fachada lateral grandes chemineas de sillería con impostas e verteaugas.

Casa da Andaluza.**L11- Casa da Andaluza**

Edificio de estilo barroco, de planta rectangular. Fábrica de sillería de granito de aparello irregular. Fachada con porta alintelada na que se lé a data de fundación da casa. Fiestra de van caseque cadrado. Planta nobre con tres fiestras de van cadrado e o escudo familiar.

Actualmente en moi mal estado de conservación cun engadido dunha planta fora de contexto.

Casa na Rúa do Río**L17- Vivenda na Rúa do Río**

Edificio do século XIX de estilo neoclásico. Planta rectangular e fábrica de sillería nos marqueados, impostas e elementos nobles. Paramentos de mampostería recebada e enlucida. Fachada con planta baixa de porrrta e dúas fiestras de marqueado moldurado de arcavan carpanel, con leve tendencia á orella nos ángulos superiores. Planta noble de dous vans escarzanos e grande balcón de ferro forxado. Planta segunda de galería con flancos curvos.

Casa na Rúa da Roda

-

Esta edificación foi derrubada.

Casa na Rúa Calvo Sotelo**L13-Vivenda na Pz. Ramón Juega nº2**

Edificio do século XIX de estilo neoclásico, de planta rectangular cun ángulo moi achafranado. Material: sillería de granito de aparello irregular e mampostería revocada. Fachada da Praza con Planta noble de dous vans con tornachoivas e grande balcón de ferro forxado sobor plataforma moi voada a xeito de mensula.

Casa reitoral de Santa María da Atalaia

-

A casa reitoral da Vila de Laxe foi derrubada

Igrexa de San Simón**N01- Igrexa Parroquial de San Simón de Nande**

Igrexa parroquial de estilo gótico tardío. Planta dunha nave con presbiterio destacado. Fábrica de sillería de granito de despece regular. Fachada con porta de arcaván apuntado de grandes dovelas sen impostar. Pinón con cornixa. Sinxela espadana dun corpo con arcavans de medio punto sen imposta, sobor da voada cornixa remate triangular abalaustrado entre dous pináculos de balaustres. Interior: no muro do Evanxeo, retábulo-capela do patrón dos señores de Boaña. Nela tiña a capela patronal os señores de Aplazadoiro.

Casa do Aplazadoiro**N12- Casa do Aplazadoiro**

Planta escalonada formada por dous corpos rectangulares xunguidos. Muros de sillería e cuberta de tella. Na súa fachada dereita podese ollar a pegada da cuberta do pazo derrubado. No seu lugar unha nova construción con escudo. Pola súa parte posterior, saínte semicircular correspondente ao forno. Situado no medio da aldea, ao fondo dun val, carece de muro de peche. Noutra banda da rúa pódese ollar aínda a pequena igrexa do pazo en estado ruinoso. Arredores descoidados con aspecto total de esquecemento.

Casa Reitoral de Santiago San Simón**N11-Casa Reitoral de Santiago e San Simón**

Casa Reitoral de San Simón de Nande e de Santiago de Traba. Edificación dos anos corenta de planta rectangular e sinxela construción de dúas alturas (B+1). Fábrica de mampostería revocada e pintada de branco agás nos esquinais, enmarcados nos vans, impostas e zócolo perimetral que son de sillería de granito visto. Estructura de muros de carga e forxados de madeira. Cuberta de madeira de tella curva a dúas augas. Atópase perto da antiga casa reitoral que está totalmente derrubada, aínda que se conservan as construcións auxiliares: horreo e alpendres. O seu estado de conservación é regular.

Igrexa de San Mamede de Sarces**S01- Igrexa Parroquial de San Mamede de Sarces**

Igrexa parroquial do século XVIII de estilo barroco. Edificación de planta rectangular dunha nave con capela adosada ao muro norte e cabeceira destacada na planta e mailo alzado. Fábrica de sillería de granito de aparello regular na fachada e irregular no resto.

Casa Reitoral en San Mamede**S07- Casa Reitoral de S. Mamede**

Edificación de finais do século XIX e primeiros do XX. Edificio principal con planta rectangular, con corpo engadido en época recente, e dúas alturas (B+1). Fábrica de mampostería revocada e pintada de branco agás nos esquinais e enmarcados dos vans que son de sillería de granito visto. Estructura de muros de carga e forxados de madeira. Cuberta de madeira e tella curva a catro augas. Forma de conxunto coa igrexa. Posúe horta en estado de abandono, con acceso dende o camiño a través dun portón. Na horta, horreo e alpendre. Está totalmente abandonada e o seu estado de conservación é regular.

Igrexa de Santa María de Serantes**Se01- Igrexa e cemiterio de Santa María de Serantes**

Igrexa parroquial do século XVI de estilo gótico. Planta rectangular dunha nave con cabeceira destacada na planta e mailo alzado. Fábrica de sillería de granito de despece irregular e mampostería revocada. Fachada con porta de arcaván apuntado, convertido en lintel no século pasado. Espadana con dous vans de medio punto moi rasgados, con balconciño. Sobor a cornixa remate de perfil mistiliño entre pináculos piramidais.

Pazo de Soesto**So07- Pazo de Soesto**

Arredores: Situado nunha finca que se estende sobor da ladeira ata o monte. O edificio principal sitúase na parte máis baixa da finca, xunto a estrada. O recinto está pechado con muro de cachotería.

Descrición: Planta en U que define no seu interior un patio, sendo unha das alas máis curta ca outra. Os muros son de cachotería de granito sen revestir con esquinais de sillería, agás a fachada principal que é de cantería. Destaca o soportal que da o patio, sobor do que hai unha solaina pechada por un balado de sillería sobor de esteos de granito na planta baixa. No centro da ala máis longa diferénciase o volume da torre, de tres plantas. O resto do edificio ten dúas.

Como resultado de tódo o anterior no Catálogo de Patrimonio Arquitectónico quedan recollidos un total de 111 elementos que se agrúpan en cinco categorías: ARQUITECTURA RELIXIOSA (8 elementos), ARQUITECTURA CIVIL (16 elementos), CASAS REITORAIS (2 elementos), CONSTRUCCIÓNS ETNOGRÁFICAS (84 elementos), CASCO ANTIGO (1 elemento).

A todos eles aplícaselles unha ordenanza de PROTECCIÓN DO PATRIMONIO con tres graos de protección, que varían en en función do interese do ben protexido:

- a) PROTECCIÓN INTEGRAL
- b) PROTECCIÓN ESTRUTURAL
- c) PROTECCIÓN AMBIENTAL

Definindo en cada caso o tipo de obras que se poden levar a cabo.

A área de cautela aplicable a cada un dos elementos varía en función da cartografía de detalle (solo urbano e: 1/1000, solo de núcleo rural e: 1/2000, solo rústico e: 1/5000), do interese do propio elemento, do medio circundante e das tipoloxías admitidas no entorno segundo o propio Plan Xeral, segundo se trate de elementos en solo urbano, ou de núcleo rural.

A continuación achégase o listado dos elementos catalogados:

PARROQUIA DE STA. Mª DE LAXE

L01	Igrexa Parroquial de Sta. Mª da Atalaia	Laxe
L02	Ermida de Santa Rosa	Monte de Sta Rosa
L03	Cruceiro 42.01.1 Adro	Adro
L04	Cruceiro 42.01.2 Ermida de Santa Rosa	Monte de Santa Rosa
L05	Cruceiro 42.01.3 Rúa Canosa Nemiña	Laxe
L06	Cruceiro 42.01.4 Piñeiro	Piñeiro
L07	Cruceiro na Praza de Oriente	Laxe
L08	Cruces perto da Ermida de Sta. Rosa	Laxe
L09	Vivenda na Praza Ramón Juega nº 4	Laxe
L10	Casa do Arco	Laxe
L11	Casa da Andaluza	Laxe
L12	Vivenda na Praza de Ramón Juega	Laxe
L13	Vivenda na Rúa Calvo Sotelo nº 2	Laxe
L14	Vivenda na Rúa Panadeiras nº4	Laxe
L15	Vivenda na Rúa Rosalía de Castro nº8	Laxe
L16	Vivenda na Praza Ramón Juega nº 3	Laxe
L17	Vivenda na Rúa do Río	Laxe
L18	Muiño de Vento	Monte Santa Rosa
L19	Cabazos en Laxe	Laxe
L20	Vivenda na Praza Ramón Juega	Laxe
L21	Vivenda na praza Ramón Juega	Laxe
L22	Casco antigo de Laxe	Laxe

PARROQUIA DE SAN SIMÓN DE NANDE

N01	Igrexa Parroquial de San Simón de Nande	Matío
N02	Capela de Aplazadoiro	Aplazadoiro
N03	Cruceiro 42.02.1 Aplazadoiro	Aplazadoiro
N04	Cruceiro 42.02.2 Aplazadoiro	Perto Aplazadoiro
N05	Cruz en Aplazadoiro	Aplazadoiro
N06	Cruceiro 42.02.3 Cementerio de Matío	Matío
N07	Cruceiro 42.02.4 Matío	Matío
N08	Cruceiro en Matío 1	Matío
N09	Cruceiro en Matío 2	Matío

N10	Cruceiro en Matío 3	Matío
N11	Casa reitoral de Santiago e San Simón	Matío
N12	Casa do Aplazadoiro	Aplazadoiro
N13	Conxunto de vivendas en Aplazadoiro	Aplazadoiro
N14	Cabazos de Aplazadoiro	Aplazadoiro
N15	Cabazos en Gundar	Gundar
N16	Cabazos en Rens	Rens
N17	Cabazos en A Viqueira	Viqueira
N18	Cabazo perto da parroquia de San Simón.	Matío
N19	Cabazos en Matio	Matío
N20	Cabazos en Reboredo	Reboredo
N21	Muiños en aplazadoiro	Aplazadoiro
N22	Muiños en Reboredo	Reboredo
N23	Muiño en Rens	Rens
N24	Fonte e lavadeiro de Matio	Matío

PARROQUIA DE SAN MAMEDE DE SARCES

S01	Igrexa Parroquial de San Mamede de Sarces	As Virtudes
S02	Cruceiro 42.03.1 Coens	Coens
S03	Cruceiro 42.03.2 Coens	Coens
S04	Cruceiro	As Virtudes
S05	Cruceiro 42.03.3 Penelas	As Virtudes
S06	Cruceiro 42.03.4 A Torre	A Torre
S07	Casa reitoral de San Mamede	As Virtudes
S08	Vivenda en A Torre	A Torre
S09	Vivenda en Sarce	A Torre
S10	Vivenda en Sarce	A Torre
S11	Cabazos en A Torre	A Torre
S12	Cabazos en As Virtudes	As Virtudes
S13	Cabazos en Coens	Coens
S14	Muiño en As Virtudes	As Virtudes
S15	Fonte perto da parroquia de Sarces	As Virtudes
S16	Pombal en As Virtudes	As Virtudes
S17	Pombal en As Virtudes	As Virtudes
S18	Pombal das Torres de Xallóns	As Virtudes

PARROQUIA DE STA. Mª DE SERANTES

Se01	Igrexa e cemiterio de Sta. María de Serantes	Conlle
Se02	Cruceiro 42.04.1 Igrexario	Castrelo
Se03	Cruceiro 42.05.2 Transfontáns	Transfontans
Se04	Casa de Carrabete (Pazo de Carrabete)	Carrabete
Se05	Casa grande de Piñeiro e escudo	Piñeiro
Se06	Cabazos en Transfontáns	Transfontans
Se07	Cabazos en Carcaxido e Carrabete	Carcaxido-Carrabete
Se08	Cabazos en Conlle e Cabanas	Conlle-Cabanas
Se09	Cabazos en Canle e Piñeiro	Canle-Piñeiro
Se10	Cabazos en Lourido de Arriba e Lourido de Abaixo	Lourido
Se11	Muiños no Rego dos Cabalos o de Sanamedio	Transfontans
Se12	Muiño en Lourido de Abaixo	Lourido
Se13	Fonte de Transfontáns	Transfontans

PARROQUIA DE SAN ESTEVO DE SOESTO

So01	Igrexa Parroquial de San Estevo de Soesto	Soesto de Abaixo
So02	Cruceiro 42.05.1 Castrelo	Castrelo
So03	Cruceiro 42.05.3 Soesto de Abaixo	Soesto de Ab.
So04	Cruceiro en Soesto de Arriba	Soesto de Arriba

So05	Cruz perto de Castrelo	Castrelo
So06	Cruz en Soesto	Soesto
So07	Pazo de Soesto	Arrueiro
So08	Conxunto de vivendas en Soesto	O Centeal
So09	Conxunto arquitectónico en Casas Novas	Casas Novas
So10	Cabazos en Arrueiro e Casas Novas	Arrueiro-Casas Novas
So11	Cabazos en Centeal e Arriba do Agro	Centeal-Arriba do Agro
So12	Cabazos en Soesto de Abaixo	Soesto de Abaixo
So13	Cabazos en Castrelo	Castrelo
So14	Muiños en Casas Novas	Casas Novas
So15	Muiños perto de Soesto e Centeal	Soesto
So16	Pombal en Casas novas	Casas Novas
So17	Pombal en Castrelo	Castrelo

PARROQUIA DE SANTIAGO DE TRABA

Tr01	Igrexa e cemiterio de Santiago de Traba	Perto de Cabanela
Tr02	Cruceiro 42.06.1 Campo da festa	Perto de Cabanela
Tr03	Cruceiro 42.06.2 Campo da festa	Perto de Cabanela
Tr04	Casa de as Melgueiras	As Melgueiras
Tr05	Casa señorial de As Melgueiras	As Melgueiras
Tr06	Casa de Mordomo	Mordomo
Tr07	Casa en Cernado	Cernado
Tr08	Elemento escultórico en As Melgueiras	As Melgueiras
Tr09	Cabazos en O Carballal	O Carballal
Tr10	Cabazos en Campodorreiro	Campodorreiro
Tr11	Cabazos en Cuiña y Tella	Cuiña-Tella
Tr12	Cabazos en As Melgueiras	As Melgueiras
Tr13	Cabazos en Cernado y Foxiños	Cernado-Foxiños
Tr14	Cabazos en Boño	Boño
Tr15	Cabazos en Mordomo	Mordomo
Tr16	Cabazos en Soacasas	Soacasas
Tr17	Muiños no Río de Traba	Perto Melgueiras
Tr18	Fonte e lavadeiro entre O Carballal e As Melgueiras	Perto Melgueiras
Tr19	Pombal en As Melgueiras	As Melgueiras

5.- O CASCO ANTIGO DE LAXE

O casco antigo de Laxe atópase situado no extremo norte da Vila sobre un terreo en ladeira orientado cara o leste, na zona natural de varado das embarcacións no areal de Laxe. Mesmo na Plaza Ramón Xuega atópanse unhas argolas nas que presumiblemente amarrábanse as embarcacións. O porto actual foi desprazado cara o norte nuns terreos gañados ao mar.

A relación entre a antiga zona de varado e o ámbito ocupado polo casco antigo prodúcese a partir dunha irregular estrutura de rúas lonxitudinais que vanse adaptando ás liñas de pendente e ás diversas aperturas transversais que as agregacións de vivendas van xenerando así como aos camiños de relación co entorno exterior.

A maior parte dos cuarteiróns de edificación están formados a partir da agrupación en ringleira dun número reducido de unidades de vivenda, xeralmente con fachada a dúas rúas lonxitudinais opostas e en determinados casos con notables diferencias de cota entre ambas.

Estas pautas de ocupación dan lugar a un tecido urban denso na súa configuración en planta, diferenciándose o casco máis próximo do mar das expansións cara a zona máis alta da ladeira, que cunha ocupación marxinal da lugar a agregacións menos consolidadas con parcelas libres pendentes de edificación.

O conxunto amosa na actualidade un estado de conservación bastante aceptable, mantendo inalterada a súa estrutura urbana histórica, cunha unidade edificatoria importante na que mesmo se atopan algúns exemplos de arquitectura civil de notable interese.

Tendo en conta a uniformidade das edificacións, con gran número de construcións propias da arquitectura tradicional da zona, e a conservación da trama de rúas e espazos públicos que se identifican na planimetría de xeito claro; propónse no PXOM que se manteña o tratamento que xa se establecía no documento redactado por González- Cebrián no ano 2001.

Este tratamento que parte dun estudio moi polo miúdo da trama urbana e masmo das edificacións e dos seus elementos máis singulares, tivo plasmación nunha ordenanza específica para este ámbito, denominada Z3- ORDENANZA DE CASCO ANTIGO, que é moi pormenorizada e que ademáis se completa cunha ordenanza gráfica que analiza e propón solucións específicas para cada rúa deste conxunto, constituíndo practicamente un PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR.

A proposta do PXOM é manter esta ordenanza específica do Casco Antigo e incorporar como ANEXO a ordenanza gráfica, co contido xa proposto polo anterior equipo redactor do ano 2001. A nosa aportación amosa as seguintes características:

1.- A sistematización no tratamento de ordenanza, distinguindo entre os seus aspectos xerais e os máis específicos referidos á conservación e tratamento das edificacións.

2.- O cambio de protección dalgún dos elementos catalogados especificamente que se atopan neste conxunto.

3.- A corrección dalgún erro de ubicación de elementos catalogados.

Asimesmo proponse a consideración deste conxunto coma un elemento máis do catálogo, considerando os niveis de protección que figuran na ordenanza gráfica.

B.- NORMAS PARA A PROTECCIÓN DO PATRIMONIO

A continuación recóllense as normas que se refíren á protección do patrimonio que aparecen no documento de NORMATIVA.

CAPITULO I: DISPOSICIÓN DE CARÁCTER XERAL

Ámbito o e réxime xeral de aplicación:

1. As presentes normas refírense aos solos e elementos que terán que ser obxecto de especial protección dende o punto de vista Histórico Artístico, Arquitectónico, Arqueolóxico, Etnográfico e Cultural.

2. Calquera tipo de actuación que se pretenda levar a cabo nos elementos catalogados, deberá contar có informe previo da Comisión Territorial do Patrimonio Histórico Galego de A Coruña e autorización do Director Xeral do Patrimonio Cultural.

Legislación aplicable:

Será de aplicación toda a Lexislación sectorial existente sobor a materia e en especial:

- a) *Ley 16/1985 de 25 de junio del Patrimonio Histórico Español.*
- b) *Decreto 571/1963 de 14 de marzo sobre la protección de los escudos, emblemas, piedras heráldicas, rollos de justicia, cruces de término y piezas similares de interes histórico-artístico.*
- c) *Decreto 449/1973 de 22 de febrero pr el que se colocan bajo la protección del Estado los hórreos y cabazos antiguos existentes en Galicia y Asturias.*
- d) *Decreto de 22 de abril de 1949 sobre la protección de castillos españoles.*
- e) *Lei 8/1995 de 30 de outubro do Patrimonio Cultural de Galicia.*
- f) *Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.*

CAPÍTULO II: PROTECCIÓN DE ELEMENTOS DE CARÁCTER ARQUITECTÓNICO

Elementos a protexer: Como documento do PXOM, achégase un catálogo no que incorpóranse todos os bens de este tipo a protexer, incluíndo a súa localización, normativa urbanística e grao de protección a aplicar, así como unha fotografía e un plano de situación.

Áreas de protección: Dentro do ámbito de protección dos elementos arquitectónicos, establécense dúas zonas:

- a) *Area de protección integral;* constituída polo elemento, ou vestixio máis exterior do ben que se protexe. Cando varios elementos artículanse nun conxunto, esta área trazarase a partir dos elementos máis exteriores do conxunto e abarcando a totalidade d aquel.
- b) *Area de respecto;* constitúe o ámbito máis inmediato do ben a protexer. Para realizar calquera obra neste ámbito necesitarase o informe previo da Comisión territorial de Patrimonio Histórico Galego de A Coruña.

Esta área que é a grafada nos planos de ordenación, establécese en función da importancia do ben e das características do seu entorno sendo inexistente nalgún caso xustificadas.

Nas solicitudes de licenza de obras dentro destas áreas, deberase aportar a información cartográfica e fotográfica precisa para determinar o impacto que vai a producir a obra sobre o ben protexido.

Graos de protección: Có fin de establecer unha regulación en canto á protección do Patrimonio construído establécense para cada un dos elementos catalogados un grao de protección, que será algún dos seguintes:

NIVEL I: PROTECCIÓN INTEGRAL:

Neste grao de protección inclúense aqueles inmobles e elementos que debido ás súas singulares características e/ou excepcional valor arquitectónico, histórico, artístico, deben manter integramente a súa tipoloxía con especial respecto ás súas características orixinais. Percurárase a súa recuperación funcional e formal por tódolos medios da técnica.

Só poderanse acometer as obras que se indican nos apartados seguintes que precisarán en todo caso do dictame favorable da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

NIVEL II: PROTECCIÓN ESTRUCTURAL:

Aplicable a aqueles inmobles e elementos de valor artístico, arquitectónico, pintoresco, típico, ... que polas súas características obxectivas deban ser conservados con tratamentos específicos para mante-las súas condicións volumétricas, estruturais, tipolóxicas e ambientais sen prexuízo de que se poidan realizar obras interiores ou exteriores de adaptación, compatibles có uso actual ou permitido pola ordenanza urbanística de aplicación

Manteranse como mínimo as fachadas do edificio, así como a tipoloxía estrutural. O mesmo que no caso anterior todas as obras a realizar precisarán do informe favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

NIVEL III: PROTECCIÓN AMBIENTAL:

Constitúe o grado de menor protección, correspondendo a este grupo os inmobles e elementos con valor arquitectónico, decorativo, popular, pintoresco, típico e/ou ambiental que polas características da súa fachada ou tipoloxía formal ou por contribuir á configuración dun entorno rural ou urbán, individualmente ou en conxunto, deben conservarse con tódolos seus detalles orixinais.

Neste caso flexibilízase a intervención nos interiores, pudiéndose chegar ao vaciado total. No caso de adicións de novos corpos, deberase manter a escala do edificio. Ao igual que nos casos anteriores, precisarase do informe previo favorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Clasificación das intervencións:

As intervencións que se poden realizar sobre os edificios ou conxuntos catalogados corresponderán a algunha das seguintes.

1. Conservación.
2. Restauración.
3. Rehabilitación.
4. Reestructuración.
5. Adición de volumes ou andares.

Descrición dos tipos de intervencións:

1. Conservación: Son as obras que teñen como finalidade manter o inmovible ou elemento nas debidas condicións de seguridade, salubridade e ornato público. Compreendendo tanto as intervencións de mantemento e reparación como as de consolidación.

Considéranse intervencións de mantemento, as estrictamente necesarias para que o edificio pemeza en estado de salubridade e ornato tanto exterior como interior, mediante as obras menores precisas como retellar, pintar, reparación dos sollados, das carpinterías ou das instalacións,...

Son intervencións de consolidación, as que supoñen o afianzamento ou reparación de elementos estruturais danados, incluíndo a súa eventual substitución parcial para asegurar a estabilidade do edificio e das súas partes existentes, sin aportacións de novos elementos.

2. Restauración: Son aquelas obras que permiten restituir a edificación ao seu aspecto orixinario, tanto na súa estrutura como nos seus acabados e decoracións, mediante a eliminación de elementos engadidos estranos e recuperación daqueles outros que foran alterados por modificacións posteriores á época da súa construción. Contémpnanse baixo este tipo de

intervención, tanto a restauración arqueolóxica como a restauración con recuperación, admitíndose como únicas aportacións novas as auxiliares de acabado, propias dos materiais e técnicas modernas que se incorporen, cando non fose posible a reprodución dos orixinais.

3. Rehabilitación: Obras que afectan ao uso e destino da edificación, simultaneando as actuais exixencias de habitabilidade, salubridade, seguridade e accesibilidade có mantemento das características estruturais do edificio e a configuración dos elementos comúns do inmovible (escaleiras, portais, patios interiores,...) que sexan obxecto de protección, conservando tanto os seus elementos resistentes como os acabados e decoración orixinais.

Permítese neste nivel a redistribución ou reforma interior dos cerramentos apertura de ocos interiores ou ventás a patios, apertura de escaleiras e ocos de luces que non afecten á estrutura portante, así como tódalas obras precisas de adecuación e mellora da habitabilidade interior e exterior do inmovible. Permítese ademais tódalas obras de conservación e restauración.

Deberase manter en calquera caso os muros resistentes orixinais existentes, puidendo excluírse da protección segundo os casos outros elementos estruturais (forxados, escaleiras, vigas, pilares,...) cando se demostre mediante información gráfica sobre o estado inicial, que a tales efectos deberá acompañar ao proxecto da intervención, que estes elementos carecen de interese arquitectónico ou histórico. A solicitude de exclusión da protección para algún elemento estrutural deberá ser informada na concesión da correspondente licencia, previo exame do inmovible.

4. Reestructuración: Son aquelas obras nas que se modifica o espacio interior do edificio, puidendo afectar en distinto grao a elementos comúns ou estruturais, conforme ao límite establecido para a intervención, puidendo acadar incluso o vaciado total do inmovible, con conservación, consolidación e restauración das fachadas, mantendo ademais, a volumetría e configuración das cubertas.

Nas obras de reestructuración deberanse manter todos aqueles elementos interiores preexistentes que teñan especial interese, se os houbera, tales como lareiras, escaleiras, portais, artesanados,... . Manteranse en calquera caso as paredes medianeiras dos edificios catalogados, nas que non se poderán practicar rozas para incrustar nova estrutura e manténdose a tipoloxía dos sistema constructivo.

5. Adición: Obras de construción de novos andares ou elementos volumétricos sobre edificios existentes cun grao de catalogación que o permita. Poden supor incremento no número de andares ou adición de volumes para resolver accesos, instalación de aparellos elevadores, elementos de cuberta; inclúense tamén neste concepto as obras de nova planta anexas a unha edificación catalogada.

Obras autorizables segundo os diferentes grados de protección.

OBRAS AUTORIZABLES. Estas obras precisarán en todo caso do dictamen da Dirección Xeral de Patrimonio.

GRAO DE PROTECCIÓN	OBRAS PERMITIDAS
INTEGRAL	CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN
ESTRUTURAL	CONSERVACIÓN, RESTAURACIÓN, REHABILITACIÓN E ADICIÓN PUNTUAIS.
AMBIENTAL	CONSERVACIÓN, RESTAURACIÓN, REESTRUCTURACIÓN E ADICIÓN.

CAPÍTULO III: PROTECCIÓN DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

SECCIÓN PRIMEIRA: NORMAS XERAIS DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

Do Catálogo:

1. Créase o catálogo de espazos suxeitos a protección do patrimonio arqueolóxico incluíndo, os xacementos inventariados, os seus entornos e aquelas zonas onde se produciron achados de material arqueolóxico (ACH.).

2. O catálogo recollido nestas normas terá carácter **permanente**, e permanecerá **sempre** aberto á incorporación de novos bens arqueolóxicos que sexan atopados por azar ou como resultado de procesos de investigación. A estes bens aplicaráselles a ordenanza de protección correspondente, ao tempo que se definirán e delimitarán os seus niveis e áreas de protección de forma pormenorizada e adaptada a cada caso en concreto. O número de catálogo será sempre coincidente co código de inventario correspondente ao da Xunta de Galicia.

Os niveis e áreas de protección:

Os niveis e áreas de protección dos xacementos incluídos no catálogo, defínense tendo en conta a adscripción cultural e tipolóxica, o entorno, o estado de conservación e a clasificación do solo en que se sitúan.

Os niveis e áreas de protección definidos para cada un dos xacementos sirven de base para establecer as ordenanzas específicas de Protección do Patrimonio Arqueolóxico.

As Normas Xerais

As Normas Xerais complementan as ordenanzas de aplicación individual establecidas para cada xacemento e grado de protección

Usos:

Todos aqueles usos permitidos ou construcións que pretendan realizarse dentro das áreas de protección establecidas nestas normas, deberán armonizar coas características dos elementos patrimoniais, co seu entorno e cos valores que traten de protexer.

Tramitación.

1. Solicitudes de Licencia Municipal. Os actos suxeitos a tramitación de licencia e aquelas actividades que supoñan a remoción de terras e que podan afectar ao sustrato arqueolóxico, deberán seguir a seguinte tramitación, sen menoscabo doutras autorizacións necesarias, de acordo coa lexislación urbanística sectorial vixente.

- a) Todo tipo de planeamento de desenvolvemento, actuacións en xeral (obras de excavación, movemento de terras ou demolición), ou proxectos de obra que se pretendan desenvolver

en zonas de Protección establecidas nas presentes ordenanzas, deberán ser remitidas polo concello, ao organismo competente da Consellería de Cultura. Ditas solicitudes deberan ir acompañadas dun informe urbanístico (cunha valoración sobre a viabilidade das solicitudes e condicionantes das mesmas) e do correspondente proxecto de actuación arqueolóxica (a executar previamente ou durante a realización das obras), que se adecuará ao establecido na lexislación vixente en materia arqueolóxica (Lei 8/1995 do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia) e ao establecido nas presentes ordenanzas. Estas intervencións deberán garantir a correcta documentación dos restos arqueolóxicos existentes. **A intervención arqueolóxica correrá a cargo do promotor.**

- b) Os órganos competentes da Consellería de Cultura resolverán, con carácter preceptivo e vinculante, sobre a viabilidade das solicitudes, a aprobación ou non do acto suxeito a licenza, e informarán sobre a viabilidade do proxecto arqueolóxico, establecendo a cautela arqueolóxica pertinente.
- c) En caso de que as resolucións sexan favorables, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural autorizará o proxecto e o comunicará ás partes interesadas (Concello, promotor e arqueólogo). O Concello concederá licenza para a execución dos traballos que impliquen remoción de terras, de acordo co proxecto arqueolóxico autorizado. O arqueólogo deberá comunicar á Consellería de Cultura e inicio e final da intervención, así como emitir o informe valorativo e memoria técnica pertinentes.
- d) O informe arqueolóxico cos resultados obtidos será remitido ao organismo competente da Consellería de Cultura, quen resolverá, con carácter preceptivo e vinculante, sobre a viabilidade das obras e, se fose necesario, sobre as condicións de conservación dos restos arqueolóxicos que deben figurar na licenza definitiva, así como a necesidade de ampliar ou non a intervención, ou a posible proposta municipal sobre a conservación dos restos.
- e) No caso de que a resolución sexa favorable, o Concello poderá conceder, dende o punto de vista arqueolóxico e seguindo o trámite pertinente, a Licencia Municipal definitiva.
- f) No caso de que sexa necesaria unha ampliación da actuación arqueolóxica, será preceptivo a elaboración dun novo proxecto arqueolóxico, que se adecue ao establecido na lexislación en vigor en materia arqueolóxica.

2. Naqueles casos en que novos elementos arqueolóxicos teñan que seren incluídos no Catálogo, ou ben, os niveis e áreas de protección sufran algunha modificación (ver anexo 2), elaborárase, por técnico arqueólogo debidamente autorizado, a ficha individualizada de protección correspondente e se delimitará o seu ámbito de protección na cartografía de planeamento. A incorporación de novos elementos será informada de forma preceptiva e vinculante polo órgano competente da Consellería de Cultura.

3. Tramitación Simplificada. De forma excepcional, cando exista risco de destrucción inmediata de restos arqueolóxicos, ou as obras se deban a emerxencias ou causas de forza maior, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural poderá autorizar, por procedemento simplificado, a realización da intervención arqueolóxica necesaria, segundo o establecido na lexislación vixente.

Ordenanza específica:

Establécese unha ordenanza específica de Protección do Patrimonio Arqueolóxico (P.P.A.):

Os niveis e áreas de protección definidos nesta ordenanza son:

1.6.1.- G.II.1. Área de Protección integral

1.6.2.- G.II.2. Área de Respecto

Achados casuais.

O achado ou descubrimento casual de obxectos e restos materiais que se presume que poden posuír, ou posexan, os valores que son propios do patrimonio cultural galego, e fosen atopados por azar ou como consecuencia de calqueira tipo de remocións de terra, demolicións ou obras de calqueira índole, poñerase en coñecemento do organismo competente da Consellería de Cultura e do Concello, procedéndose á suspensión cautelar dos traballos segundo o disposto no artigo 59.4. da Lei 8/1995 do 30 de outubro do Patrimonio Cultural de Galicia. A Consellería de Cultura informará con carácter vinculante sobre a viabilidade das obras, ou sobre as condicións de conservación dos restos arqueolóxicos que terá que reunir o proxecto en execución.

Infraccións.

Será considerada como infracción urbanística toda acción ou omisión que vulnere as prescricións contidas na presente ordenanza, sen prexuízo de outras que se atopen tipificadas e sancionadas pola lexislación de Patrimonio Cultural, así como as tipificadas no Código Penal.

ANEXOS

Anexo 1.- Os niveis e áreas de protección definidos para os elementos que integran o Catálogo, poderán sufrir modificacións como consecuencia dos resultados das intervencións arqueolóxicas que se desenrolen neles, ou ben, pola localización de obxectos e materiais arqueolóxicos en procesos de remoción de terras, teñan o carácter que teñan.

SECCIÓN SEGUNDA: ORDENANZAS ESPECÍFICAS DE PROTECCIÓN DO PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO.

Área de Protección Integral.

1. Ambito:

O seu limite ven definido polos terreos comprendidos dentro do perímetro mais externo do ben, e o seu entorno máis inmediato. Aparece grafiado na cartografía coa sigla **G.II-1**.

2. Usos:

Só se permitiran actuacións encaminadas a súa conservación, protección, consolidación, investigación e posta en valor, previa autorización do órgano competente da Consellería de Cultura.

Permitiranse os usos tradicionais agropecuarios sempre que non alteren o sustrato arqueolóxico, nin precisen a modernización da explotación con novas instalacións.

Non se poderan realizar tendidos e instalacións aéreas ou subterráneas (electricidade, saneamento, auga, etc), excavacións, recheos e movementos de terra en xeral, así como a plantación ou arranque de árbores, os cultivos que requieran labores profundas, e a apertura de pozos e minas.

3. Condiciones de edificabilidade:

Non se permiten construcións de nova planta.

Área de Respecto.

O seu limite ven definido polo entorno próximo do xacemento, e en algúns casos, dado o nivel de destrución do mesmo, por todos os terreos delimitados como xacemento, o tratarse de espazos onde é posible documentar actividades de diversa índole relacionadas con o/os xacementos, o tempo que e previsible a aparición de restos arqueolóxicos (estructuras e/o materiais) relacionables co elemento inventariado. Aparece gráfada na cartografía coa sigla **G.II-2**.

1. Usos:

Permitense todos os usos contemplados na ordenanza urbanística correspondente.

2. Tramitación:

Seguirá o establecido no punto 1.5.A das N.X.P.P.A.

Para calquera obra admitida no planeamento en vigor que afecte al subsuelo, será necesario acometer unha **intervención arqueolóxica durante a fase de remoción de terras**.

A Coruña, xullo 2009

Director do equipo
Alfredo Garrote Pazos
Arq. col. 1440 do COAG

Arquitectos colaboradores:
Mónica Mesejo Conde
Arq. col. 1475 do COAG

Iria Pérez Miranda
Arq. Col. 3194 do COAG

C.- LISTADO DE PATRIMONIO ARQUITECTÓNICO**LISTADO DE PATRIMONIO ARQUITECTONICO DE LAXE**

FICHA	IDENTIFICACION	CLASIFICACION	PLANO 1/1000	PLANO 1/5000	CLASE DE SOLO	PROTECCION
PAROQUIA DE SANTA MARIA DE LAXE						
L-01	Igrexa Parroquial de Sta. Mª da Atalaia	ARQ. RELIXIOSA	SU.1.2	TM-2.1	S. URBANO	INTEGRAL
L-02	Ermida de Sta. Rosa	ARQ. RELIXIOSA		TM-2.1	S. RUSTICO PROT. PAISAXISTICA	INTEGRAL
L-03	Cruceiro 42.01.1 Adro	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	SU.1.2	TM-2.1	S. URBANO	INTEGRAL
L-04	Cruceiro 42.01.2 Ermida de Sta. Rosa	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA		TM-2.1	S. RUSTICO PROT. PAISAXISTICA	INTEGRAL
L-05	Cruceiro 42.01.3 Rúa Canosa Nemiña	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	SU.1.2	TM-2.1	S. URBANO	INTEGRAL
L-06	Cruceiro 42.01.4 Piñeiro	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	SU.1.5	TM-2.3	S. URBANO	INTEGRAL
L-07	Cruceiro na Praza de Oriente	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	SU.1.2	TM-2.1	S. URBANO	INTEGRAL
L-08	Cruces perto da Ermida de Sta. Rosa	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA		TM-2.1	S. RUSTICO PROT. PAISAXISTICA	AMBIENTAL
L-09	Vivenda na Praza Ramón Juega Nª4	ARQ. CIVIL	SU.1.2	TM-2.1	S. URBANO	ESTRUCTURAL
L-10	Casa do aArco	ARQ. CIVIL	SU.1.2	TM-2.1	S. URBANO	ESTRUCTURAL
L-11	Casa da Andaluza	ARQ. CIVIL	SU.1.2	TM-2.1	S. URBANO	ESTRUCTURAL
L-12	Vivenda na Praza de Ramón Juega	ARQ. CIVIL	SU.1.2	TM-2.1	S. URBANO	ESTRUCTURAL
L-13	Vivenda na Rúa Calvo Sotelo Nª2	ARQ. CIVIL	SU.1.2	TM-2.1	S. URBANO	ESTRUCTURAL
L-14	Vivenda na Rúa Panadeiras Nª4	ARQ. CIVIL	SU.1.2	TM-2.1	S. URBANO	ESTRUCTURAL
L-15	Vivenda na Rúa Rosalía de Castro Nª8	ARQ. CIVIL	SU.1.2	TM-2.1	S. URBANO	ESTRUCTURAL
L-16	Vivenda na Praza Ramón Juega Nª3	ARQ. CIVIL	SU.1.2	TM-2.1	S. URBANO	ESTRUCTURAL
L-17	Vivenda na Rúa do Río	ARQ. CIVIL	SU.1.2	TM-2.1	S. URBANO	ESTRUCTURAL
L-18	Muiño de Vento	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA		TM-2.1	S. RUSTICO PROT. PAISAXISTICA	AMBIENTAL
L-19	Cabazos en Laxe	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	SU.1.2	TM-2.1	S. URBANO	ESTRUCTURAL
L-20	Casco Antigo de Laxe	CASCO ANTIGO	SU.1.2	TM-2.1	S. URBANO	O CORRESPONDENTE A CADA UN DOS ELEMENTOS DA ORDENANZA GRAFICA

PAROQUIA DE SAN SIMÓN DE NANDE						
N-01	Igrexa parroquial de S. Simón de Nande	ARQ. RELIXIOSA	N.R.-04	TM-2.5	S. RUSTICO DE PROT. ORDINARIA	INTEGRAL
N-02	Capela de Aplazadoiro	ARQ. RELIXIOSA	N.R.-01	TM-2.7	S. NUCLEO RURAL	INTEGRAL
N-03	Cruceiro 42.02.1 Aplazadoiro	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-01	TM-2.7	S. GRAL. VIARIO	INTEGRAL
N-04	Cruceiro 42.02.2 Aplazadoiro	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-01	TM-2.7	S. RUSTICO PROT. FORESTAL	INTEGRAL
N-05	Cruz en Aplazadoiro	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-01	TM-2.7	S. NUCLEO RURAL	INTEGRAL
N-06	Cruceiro 42.02.3 Cemterio de Matio	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-01	TM-2.7	S. RUSTICO DE PROT. ORDINARIA	INTEGRAL
N-07	Cruceiro 42.02.4 Matio	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-04	TM-2.7	S. GRAL. VIARIO	INTEGRAL
N-08	Cruceiro en Matio 1	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-04	TM-2.5	S. NUCLEO RURAL	INTEGRAL
N-09	Cruceiro en Matio 2	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-04	TM-2.5	S. NUCLEO RURAL (AREA EXPANSION)	INTEGRAL
N-10	Cruceiro en Matio 3	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-04	TM-2.5	S. NUCLEO RURAL	INTEGRAL
N-11	Casa Reitoral de Santiago e S. Simón	CASA REITORAL	N.R.-04	TM-2.5	S. RUSTICO PROT. AGROPECUARIA	ESTRUCTURAL
N-12	Casa do Aplazadoiro	ARQ. CIVIL	N.R.-01	TM-2.7	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
N-13	Conxunto de vivendas en Aplazadoiro	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-01	TM-2.7	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
N-14	Cabazos de Aplazadoiro	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-01	TM-2.7	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
N-15	Cabazos en Gundar	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-03	TM-2.5 TM-2.7	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
N-16	Cabazos en Rens	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-06	TM-2.7	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
N-17	Cabazos en A Viqueira	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-02	TM-2.7	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
N-18	Cabazos perto da parroquia de S. Simón	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-04	TM-2.5	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
N-19	Cabazos en Matio	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-04	TM-2.5	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
N-20	Cabazos en Reboredo	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-05	TM-2.5	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
N-21	Muiños en Aplazadoiro	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-01	TM-2.7	S. RUSTICO PROT. DE AUGAS	ESTRUCTURAL
N-22	Muiños en Reboredo	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-05	TM-2.5	S. RUSTICO PROT. DE AUGAS	ESTRUCTURAL
N-23	Muiños en Rens	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-06	TM-2.7	S. RUSTICO PROT. DE AUGAS	ESTRUCTURAL
N-24	Fonte e Lavadoiro de Matio	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-04	TM-2.5	S. NUCLEO RURAL	AMBIENTAL

PAROQUIA DE SAN MAMEDE DE SARCES						
S-01	Igrexa Parroquial de S. Mamede de Sarces	ARQ. RELIXIOSA	N.R.-09	TM-2.5	S. NUCLEO RURAL	INTEGRAL
S-02	Cruceiro 42.03.1 Coens	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-07	TM-2.5	S. NUCLEO RURAL	INTEGRAL
S-03	Cruceiro 42.03.2 Coens	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-07	TM-2.5	S. GRAL. VIARIO	INTEGRAL
S-04	Cruceiro	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-09	TM-2.5	S. RUSTICO PROT. FORESTAL	INTEGRAL
S-05	Cruceiro 42.03.3 Penelas	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-09	TM-2.5	S. RUSTICO PROT. AGROPECUARIA	INTEGRAL
S-06	Cruceiro 42.03.4 A Torre	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-08	TM-2.5	S. GRAL. VIARIO	INTEGRAL
S-07	Casa Reitoral de San Mamede	CASA REITORAL	N.R.-09	TM-2.5	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
S-08	Vivenda en A Torre	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-08	TM-2.5	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
S-09	Vivenda en Sarce	ARQ. CIVIL	N.R.-08	TM-2.5	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
S-10	Vivenda en Sarce	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-08	TM-2.5	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
S-11	Cabazos en A Torre	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-08	TM-2.5	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
S-12	Cabazos en As Virtudes	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-09	TM-2.5	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
S-13	Cabazos en Coens	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-07	TM-2.5	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
S-14	Muiño en As Virtudes	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-09	TM-2.5	S. RUSTICO PROT. DE AUGAS	ESTRUCTURAL
S-15	Fonte perto da parroquia de Sarces	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-09	TM-2.5	S. RUSTICO PROT. DE AUGAS	AMBIENTAL
S-16	Pombal en As Virtudes	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-09	TM-2.5	S. NUCLEO RURAL	AMBIENTAL
S-17	Pombal en As Virtudes	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-09	TM-2.5	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
S-18	Pombal das Torres de Xallóns	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-08	TM-2.5	S. NUCLEO RURAL	AMBIENTAL

PAROQUIA DE SANTA MARIA DE SERANTES						
Se-01	Igrexa e cemiterio de Sta. María de Serantes	ARQ. RELIXIOSA	N.R.-10	TM-2.3	S. NUCLEO RURAL	INTEGRAL
Se-02	Cruceiro 42.04.1 Igrexiario	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-10	TM-2.3	S. NUCLEO RURAL	INTEGRAL
Se-03	Cruceiro 42.05.2 Transfontans	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-14	TM-2.3	S. NUCLEO RURAL	INTEGRAL
Se-04	Casa de Carrabete (Pazo de Carrabete)	ARQ. CIVIL	N.R.-14	TM-2.3	S. NUCLEO RURAL	INTEGRAL
Se-05	Casa Grande de Piñeiro e Escudo	ARQ. CIVIL	N.R.-11	TM-2.3	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
Se-06	Cabazos en Transfontans	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-14	TM-2.3	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
Se-07	Cabazos en Carcaxido e Carrabete	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-12	TM-2.3	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
Se-08	Cabazos en Conlle e Cabanas	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-10	TM-2.3	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
Se-09	Cabazos en Conlle e Piñeiro	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-11	TM-2.3	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
Se-10	Cabazos en Lourido de Arriba e Lourido de Abaixo	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-13	TM-2.3	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
Se-11	Muiños no Rego dos Cabalos ou de Sanamedio	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-14	TM-2.3	S. RUSTICO PROT. DE AUGAS	ESTRUCTURAL
Se-12	Muiño en Lourido de Abaixo	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-13	TM-2.3	S. RUSTICO PROT. AGROPECUARIA	ESTRUCTURAL
Se-13	Fonte de Transfontans	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-14	TM-2.3	S. RUSTICO PROT. FORESTAL	AMBIENTAL

PAROQUIA DE SAN ESTEBAN DE SOESTO						
So-01	Igrexa Parroquial de S. Estebán de Soesto	ARQ. RELIXIOSA	N.R.-15	TM-2.2	S. NUCLEO RURAL	INTEGRAL
So-02	Cruceiro 42.05.1 Castrelo	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-17	TM-2.3	S. NUCLEO RURAL	INTEGRAL
So-03	Cruceiro 42.05.3 Soesto de Abaixo	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-15	TM-2.2	S. NUCLEO RURAL	INTEGRAL
So-04	Cruceiro en Soesto de Arriba	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-16	TM-2.2	S. NUCLEO RURAL (AREA EXPANSION)	INTEGRAL
So-05	Cruz perto de Castrelo	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-17	TM-2.5	S. NUCLEO RURAL (AREA EXPANSION)	INTEGRAL
So-06	Cruz en Soesto	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-15	TM-2.2	S. RUSTICO PROT. FORESTAL	INTEGRAL
So-07	Pazo de Soesto (Pazo de Leis)	ARQ. CIVIL	N.R.-16	TM-2.2	S. NUCLEO RURAL	INTEGRAL
So-08	Conxunto de vivendas en Soesto	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-15	TM-2.2	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
So-09	Conxunto arquitectónico en Casas Novas	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-16	TM-2.5	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
So-10	Cabazos en Arrueiro e Casas Novas	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-16	TM-2.2 TM-2.5	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
So-11	Cabazos en O Centeal e Arriba do Agro	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-15	TM-2.2	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
So-12	Cabazos en Soesto de Abaixo	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-15	TM-2.2	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
So-13	Cabazos en Castrelo	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-17	TM-2.2 TM-2.3	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
So-14	Muiños en Casa Novas	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-16	TM-2.5	S. RUSTICO PROT. DE AUGAS	ESTRUCTURAL
So-15	Muiños perto de Soesto e O Centeal	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-15	TM-2.2	S. RUSTICO PROT. DE AUGAS	ESTRUCTURAL
So-16	Pombal en Casas Novas	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-16	TM-2.2	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
So-17	Pombal en Castrelo	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-17	TM-2.5	S. RUSTICO PROT. DE AUGAS	ESTRUCTURAL

PAROQUIA DE SANTIAGO DE TRABA						
Tr-01	Igrexa e cemiterio de Santiago de Traba	ARQ. RELIXIOSA		TM-2.4	S. RUSTICO PROT. ORDINARIA	BIC
Tr-02	Cruceiro 42.06.1 Campo da festa	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA		TM-2.4	S. RUSTICO PROT. ORDINARIA	BIC
Tr-03	Cruceiro 42.06.2 Campo da festa	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA		TM-2.4	S. RUSTICO PROT. ORDINARIA	BIC
Tr-04	Casa de As Melgueiras	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-19	TM-2.4	S. RUSTICO PROT. ESPACIOS NATURAIS	ESTRUCTURAL
Tr-05	Casa Señorial de As Melgueiras	ARQ. CIVIL	N.R.-19	TM-2.4	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
Tr-06	Casa de Mordomo	ARQ. CIVIL	N.R.-23	TM-2.4	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
Tr-07	Casa en Cernado	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-21	TM-2.4	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
Tr-08	Elemento escultórico en As Melgueiras	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-19	TM-2.4	S. NUCLEO RURAL	AMBIENTAL
Tr-09	Cabazos en O Carballal	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-20	TM-2.4	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
Tr-10	Cabazos en Campodorreiro	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-20	TM-2.4	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
Tr-11	Cabazos en Cuiña e Tella	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-22	TM-2.5	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
Tr-12	Cabazos en As Melgueiras	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-19	TM-2.4	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
Tr-13	Cabazos en Cernado e Foxiños	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-21	TM-2.4	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
Tr-14	Cabazos en Boaño	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-18	TM-2.4	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
Tr-15	Cabazos en Mordomo	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-23	TM-2.4	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
Tr-16	Cabazos en Soacasa	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-24	TM-2.4	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL
Tr-17	Muiños no Río de Traba	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-19	TM-2.4	S. RUSTICO PROT. DE AUGAS	ESTRUCTURAL
Tr-18	Fonte e lavadoiro entre O Carballal e As Melgueiras	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-19	TM-2.4	S. RUSTICO PROT. DE AUGAS	AMBIENTAL
Tr-19	Pombal en As Melgueiras	CONSTRUCCION ETNOGRAFICA	N.R.-19	TM-2.4	S. NUCLEO RURAL	ESTRUCTURAL

D.- LISTADO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS

LISTADO DE XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS DE LAXE						
	NOME	ETAPA	PLANO 1/5000	CLASE DE SOLO	PROTECCION	GRADO DE PROTECCIÓN
GA/15040001	Castro de Lourido	INDETERMINADA	TM-2.3	S RÚSTICO	P.P.A.	G.II-1/G.II-2
GA/15040002	Dolmen de Fornella dos Mouros	MEGALÍTICA	TM-2.7	S RÚSTICO	P.P.A.	G.II-1/G.II-2
GA/15040003	Mámoa de Aplazadoiro	INDETERMINADA	TM-2.7	S RÚSTICO	P.P.A.	G.II-1/G.II-2
GA/15040004	Mamoas do Forno de Vales	INDETERMINADA	TM-2.7	S RÚSTICO	P.P.A.	G.II-1/G.II-2
GA/15040005	Mámoa da Cruz do Furco	INDETERMINADA	TM-2.5	S RÚSTICO	P.P.A.	G.II-1/G.II-2
GA/15040006	Petroglifo da Cova dos Batáns	INDETERMINADA	TM-2.7	S RÚSTICO	P.P.A.	G.II-1/G.II-2
GA/15040007	Mámoa 1 de Leixoso	INDETERMINADA	TM-2.7	S RÚSTICO	P.P.A.	G.II-1/G.II-2
GA/15040008	Mámoa 1 de Leixoso	INDETERMINADA	TM-2.7	S RÚSTICO	P.P.A.	G.II-1/G.II-2
GA/15040009	Castrelo	INDETERMINADA	TM-2.3	S RÚSTICO	P.P.A.	G.II-1/G.II-2

E.- PLANOS UBICACIÓN